

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2018.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 21 de febreiro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG-PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO (PP).

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

Non asiste: XESÚS PENA ESPÍÑA (concelleiro non adscrito).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do concello.

Asiste a interventora do concello PATRICIA COENCE ANTELO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 19.12.2017.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.12.2017 AO 15.02.2018.

3º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE PROXECTOS CORRIXIDOS DA PARTICIPACIÓN NO POS + 2018.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2018 E CADRO DE PERSOAL.

7º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2017.

8º) MOCIÓNS.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 19.12.2017.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión do 19.12.2017.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda a súa aprobación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.12.2017 AO 15.02.2018.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Data sinatura	Nº Decreto	Asunto
13/12/2017	00366/2017	DECLARACIÓNS 111 E 303 - NOVIEMBRE 2017.
13/12/2017	00367/2017	RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/53.
14/12/2017	00368/2017	COTA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA - NOVIEMBRE 2017.
14/12/2017	00369/2017	ALTA SAF DUN VECIÑO.
14/12/2017	00370/2017	INICIO EXPEDIENTE DE PRÓRROGA ÚNICA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE GABINETE DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO.
14/12/2017	00371/2017	ALTA NO PROGRAMA XANTAR NA CASA DUN VECIÑO.
15/12/2017	00372/2017	DECRETO LIQUIDACIÓNS TRIBUTOS XGL 05/12/2017.
18/12/2017	00373/2017	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA INCLÚIDA NO PAS ADICIONAL 1/2015.
18/12/2017	00374/2017	APROBACIÓN DE PRÓRROGA ÚNICA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE GABINETE DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO.
19/12/2017	00375/2017	DECRETO DE NÓMINA EXTRAORDINARIA DECEMBRO.
19/12/2017	00376/2017	DECRETO PRODUTIVIDADE FUNCIONARIOS 2017.
19/12/2017	00377/2017	DISTRIBUCIÓN PROGRAMA ALIMENTOS DECEMBRO 2017.
20/12/2017	00378/2017	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A UN EMPREGADO.
20/12/2017	00379/2017	DECRETO NÓMINA DE DECEMBRO.
20/12/2017	00380/2017	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 21/12/2017.
20/12/2017	00381/2017	ADXUDICACIÓN CONTRATO DE ALLEAMENTO DE BENS MOBLES PATRIMONIAIS SEN SERVIZO DO CONCELLO.
22/12/2017	00382/2017	MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA ORIENTADORA LABORAL A AEDL.
22/12/2017	00383/2017	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
22/12/2017	00384/2017	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRAS ÚNICA DA OBRA DE PROXECO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018 NO CONCELLO DE BRIÓN.
26/12/2017	00385/2017	DECRETO CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN NOMINATIVA IES BRION.
26/12/2017	00386/2017	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL - DECEMBRO 2017.
26/12/2017	00387/2017	DECRETO CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN NOMINATIVA BANDA DE MÚSICA DE BRIÓN.
26/12/2017	00388/2017	DECRETO CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CEIP PEDROUZOS.

26/12/2017	00389/2017	DECRETO RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/55.
26/12/2017	00390/2017	DECRETO MODIFICACIÓN CRÉDITO MC 23/2017.
27/12/2017	00391/2017	DECRETO RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/54.
27/12/2017	00392/2017	DECRETO RELACIÓN DE FACTURAS F/2017/57.
28/12/2017	00001/2018	DECRETO GASTOS DE LOCOMOCIÓN E MANUTENCIÓN EMPREGADOS ANO 2017
28/12/2017	00002/2018	DECRETO ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS DECEMBRO 2017
28/12/2017	00003/2018	DECRETO ASIGNACIÓNS GRUPOS POLÍTICOS. GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL PSDG-PSOE
28/12/2017	00004/2018	DECRETO ASIGNACIONS GRUPOS POLÍTICOS. GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.
28/12/2017	00005/2018	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 24/2017.
28/12/2017	00006/2018	DECRETO COTA MANCOMUNIDADE DECEMBRO 2017.
28/12/2017	00007/2018	DECRETO LIQUIDACIÓNS TRIBUTOS XGL 21/12/2017.
28/12/2017	00008/2018	DECRETO APROBACIÓN DEFINITIVA NÓMINA DECEMBRO 2017.
29/12/2017	00009/2018	DECRETO PAGO DOS GASTOS DA POLICÍA DE PADRÓN NAS FESTAS DE SANTA MINIA 2017.
29/12/2017	00010/2018	DECRETO RELACIÓN FACTURAS F/2017/58.
29/12/2017	00011/2018	DECRETO SUPLIDO A UNHA EMPREGADA.
02/01/2018	00012/2018	DECRETO DE AUTORIZACIÓN PARA FESTAS EN BASTAVALES.
03/01/2018	00013/2018	ALTAS PADRON MES DE DECEMBRO DE 2017.
03/01/2018	00014/2018	BAIXAS PADRON MES DE DECEMBRO DE 2017.
09/01/2018	00015/2018	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA GASTOS E PAGOS EN PERSOAL GES 2017.
10/01/2018	00016/2018	DECRETO LIQUIDACIÓNS AXUDA A DOMICILIO DEPENDENCIA DECEMBRO 2017.
10/01/2018	00017/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TAXAS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XANEIRO 2018.
10/01/2018	00018/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TAXAS AXUDA A DOMICILIO BÁSICA DECEMBRO 2017.
10/01/2018	00019/2018	DECRETO PRÓRROGA ORZAMENTARIA.
12/01/2018	00020/2018	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
12/01/2018	00021/2018	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIAXE 3ª IDADE CON DESTINO A MADRID DO ANO 2018.
15/01/2018	00022/2018	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS DÚAS OBRAS INCLUÍDAS NA PRIMEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 1/2017 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL.
15/01/2018	00023/2018	RESOLUCIÓN DE TRÁMITE DE DELIMITACIÓN DE CAMIÑO EN O CASAL.
16/01/2018	00024/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 17/01/2018.
17/01/2018	00025/2018	NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO SEGUNDO LISTA DA BOLSA DO PROCESO SELECTIVO.
17/01/2018	00026/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIAXE TERCEIRA IDADE 2018 A MADRID.
17/01/2018	00027/2018	APROBACIÓN DE PROXECTOS CORRIXIDOS DA PARTICIPACIÓN NO POS + 2018.

22/01/2018	00028/2018	AUTORIZACIÓN DE LICENZA MUNICIPAL PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
22/01/2018	00029/2018	AUTORIZACIÓN DE LICENZA MUNICIPAL PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
22/01/2018	00030/2018	AUTORIZACIÓN DE LICENZA MUNICIPAL PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
22/01/2018	00031/2018	AUTORIZACIÓN DE LICENZA MUNICIPAL PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
22/01/2018	00032/2018	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CATERING DA ESCOLA INFANTIL.
23/01/2018	00033/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS XGL 17/01/2018
23/01/2018	00034/2018	DECRETO DE APROBACIÓN DAS BASES PARA O ANTROIDO 2018.
24/01/2018	00035/2018	DECLARACIÓNS MOD. 111 E 303 - DECEMBRO 2017.
25/01/2018	00036/2018	ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SS.SS. COMUNITARIOS MUNICIPAIS DO ANO 2018.
29/01/2018	00037/2018	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL - XANEIRO 2018.
29/01/2018	00038/2018	AMPLIACIÓN DO SAF LIBRE CONCURRENCIA DUN VECIÑO.
29/01/2018	00039/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: A TORRE, INCLUÍDA NO POS+ ADICIONAL 1/2017.
29/01/2018	00040/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: SANTA MINIA-O ENXO, INCLUÍDA NO POS+ ADICIONAL 1/2017.
30/01/2018	00041/2018	INICIO EXPEDIENTE DE ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO DESTE CONCELLO.
30/01/2018	00042/2018	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
30/01/2018	00043/2018	APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLO SUBMINISTRO DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN, E CANÓN DA AUGA, DO 4º TRIMESTRE DE 2017.
31/01/2018	00044/2018	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DUN TRIENIO A UN EMPREGADO.
31/01/2018	00045/2018	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA CONTRATACIÓN PERSOAL TÉCNICO XESTIÓN CULTURAL.
31/01/2018	00046/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 01/02/2018.
31/01/2018	00047/2018	DECRETO NÓMINAS MES DE XANEIRO.
01/02/2018	00048/2018	DECRETO DE AUTORIZACIÓN DA FESTA DE SAN BRAIS NOS ANXELES.
01/02/2018	00049/2018	APROBACIÓN DE CORRECCIÓN DE ERROS DO PLANO GRAFIADO DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: A TORRE, INCLUÍDO NO POS+2017 ADICIONAL 1/2017 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.
02/02/2018	00050/2018	DEVOLUCIÓN AVAL A UN VECIÑO.
02/02/2018	00051/2018	DEVOLUCIÓN AVAL A UNHA EMPRESA.
02/02/2018	00052/2018	DEVOLUCIÓN AVAL A UNHA EMPRESA.
05/02/2018	00053/2018	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE MELLORAS NO CONCELLO DE BRIÓN:INSTALACIÓN DE PAVIMENTO CONTINUO EN TRES PARQUES INFANTÍS.
05/02/2018	00054/2018	DECRETO DE CAMBIO DE VEHÍCULO PARA LICENZA DE TAXI.
05/02/2018	00055/2018	RELACIÓN DE FACTURAS F/2018/1.

05/02/2018	00056/2018	RELACIÓN DE FACTURAS 2017 (O/2018/1).
05/02/2018	00057/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS XGL 01/02/2018.
05/02/2018	00058/2018	INICIO EXPEDIENTE DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVICIOS DE AXUDA NO FOGAR.
05/02/2018	00059/2018	INICIO EXPEDIENTE DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVICIOS DE ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA DE URBANISMO.
06/02/2018	00060/2018	ALTAS PADRON MES DE XANEIRO DE 2018.
06/02/2018	00061/2018	BAIXAS PADRON MES DE XANEIRO DE 2018.
08/02/2018	00062/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN TAXA SERVICIOS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL FEBREIRO.
08/02/2018	00063/2018	AUTORIZACIÓN DE LICENZA MUNICIPAL PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
08/02/2018	00064/2018	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
08/02/2018	00065/2018	BAIXA DE OFICIO NO PADRON DE HABITANTES DUNHA VECIÑA.
08/02/2018	00066/2018	DECRETO DE DELEGACIÓN DE SINATURA NUN TENENTE DE ALCALDE.
08/02/2018	00067/2018	RENUNCIA Á CELEBRACIÓN DO CONTRATO DE SERVICIOS DE VIAXE PARA A TERCEIRA IDADE 2018 (MADRID)
08/02/2018	00068/2018	SOLICITUDE SUBVENCION RISGA 2018.
08/02/2018	00069/2018	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2018 PARA O PROXECTO DE SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS DE VAPOR DE MERCURIO POR LUMINARIAS LED NO ALUMEADO PÚBLICO DA PARROQUIA DE BOULLÓN.
08/02/2018	00070/2018	RELACIÓN FACTURAS F/2018/2 - ENERXÍA ELÉCTRICA.
09/02/2018	00071/2018	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019 DE AGADER.
09/02/2018	00072/2018	AXUDA DE EMERXENCIA A UNHA VECIÑA.
12/02/2018	00073/2018	BAIXA NO PROGRAMA DE XANTAR DUNHA VECIÑA.
12/02/2018	00074/2018	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 14/02/2018.
13/02/2018	00075/2018	CONCESIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA A UNHA FUNCIONARIA.
13/02/2018	00076/2018	RESOLUCION BAIXA NO LIXO DUN VECIÑO.
13/02/2018	00077/2018	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES DA CASA DO CONCELLO, CEIP E CENTRO SOCIAL.
14/02/2018	00078/2018	AUTORIZACIÓN DE LICENZA MUNICIPAL PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS
14/02/2018	00079/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN PREZO PÚBLICO AXUDA NO FOGAR BÁSICA XANEIRO.
14/02/2018	00080/2018	DECRETO LIQUIDACIÓN PREZO PÚBLICO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA XANEIRO.
14/02/2018	00081/2018	CONVOCATORIA PLENO E COMISIÓNS INFORMATIVAS.

O Pleno queda enterado.

3º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE PROXECTOS CORRIXIDOS DA PARTICIPACIÓN NO POS + 2018.

Dada conta da resolución da alcaldía do 17.01.2018, que transcrita di:

Resultando que o pleno do concello con data 19.12.2017 aprobou a participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018.

Resultando que entre os proxectos aprobados figuran os denominados:

1-. ACHEGA PROVINCIAL 2017: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño; cun orzamento total de: 102.324.38 euros, e coa seguinte distribución de financiamento: Deputación: 102.324.38 euros. Concello: 0 euros.

2-. PLAN COMPLEMENTARIO 2018: Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito; cun orzamento de: 79.050.51 euros.

Resultando que remitida a documentación á Deputación advertíronse pola mesma as seguintes deficiencias nos proxectos:

1-. ACHEGA PROVINCIAL 2017: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño, consistente en que se aplicou un IVE do 16% cando a porcentaxe a aplicar é do 21%.

2-. PLAN COMPLEMENTARIO 2018: Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito, consistente en que no Capítulo 03 relativo a xestión de residuos por unha banda figura a cantidade de 541,08 mentres que no total figura como 541,98.

Resultando que o erro detectado no proxecto 1-. ACHEGA PROVINCIAL 2017: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño modifica o importe do proxecto e o seu financiamento, así como os cadros de subtotaís do expediente.

Resultando que o erro detectado no proxecto 2-. PLAN COMPLEMENTARIO 2018: Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito, non incide no mesmo, nin no aspecto económico, nin no técnico.

Rectificados os proxectos pola arquitecta municipal autora dos mesmos, e visto o disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e de conformidade co acordo plenario do 19.12.2017, no que acordou facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo e o correspondente expediente, resolvo:

1º) Aprobar a rectificación dos erros materiais advertidos nos proxectos sinalados, aprobando os proxectos corrixidos das obras seguidamente relacionadas:

1-. ACHEGA PROVINCIAL 2017: Obras de substitución da envolvente exterior (cuberta) do pavillón municipal de deportes, sito en Lamiño; cun orzamento total de: 106.734,91 euros, e coa seguinte distribución de financiamento: Deputación: 102.324.38 euros. Concello: 4.410,53 euros.

2-. PLAN COMPLEMENTARIO 2018: Obras de mellora das condicións acústicas do pavillón municipal de deportes sito en Lamiño: Falso teito, figurando no Capítulo 03 relativo a xestión de residuos a cantidade correcta de 541,98 euros, que non inflúe no orzamento total da obra de: 79.050,51 euros, que permanece igual.

En consecuencia logo deste cordo o cadro resumo queda redactado nos seguintes termos:

G) Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017			
	Achega 2018			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	263,755,92		263,755,92

C- INVESTIMENTOS	Achega 2018			
	Achega 2017	258,779,39	7.597,23	266.376,62
	Préstamo 2018			
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018			
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018			
	Achega 2017			
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018			
TOTAL	Achega 2018	263,755,92		263,755,92
	Achega 2017	258,779,39	7.597,23	266.376,62
	Préstamo 2018			
	TOTAL	522,535,31	7.597,23	530.132,54

2º) Dar conta desta resolución ao pleno na próxima sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

3º) Remitir esta resolución xunto cos proxectos corrixidos á Deputación para os efectos de incorporación aos expedientes.

Sometida a votación a súa ratificación o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda ratificala.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE.

Dada conta da proposta da alcaldía do 10.01.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 20.02.2018, que transcrita di:

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 25 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

"" SÉTIMO.- APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDO DE DETALLE.

Deuse conta do documento denominado: Estudo de detalle para reaxuste de aliñacións, presentado por Ramón Iglesias Leboráns e redactado polo arquitecto Luis Antonio Garea Rodríguez, de data 03.07.2017, presentado no concello o 17.07.2017 (r.e. 3148), para o reaxuste de aliñacións das parcelas con referencias catastrais 15013B50300287, 15013B50300286 e 7920405NH2472S, que dan fronte á estrada AC-300, no lugar de Sabaxáns, Bastavales.

Vistos os informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, a Xunta de Goberno Local como órgano competente do concello, por delegación da alcaldía do 10.07.2015, por unanimidade acorda:

1º) Aprobar inicialmente o documento: Estudo de detalle para reaxuste de aliñacións referenciado, e sometelo a información pública como mínimo durante un mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, consonte co establecido no art.80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Á vista do resultado da información pública, o Pleno como órgano competente do concello aprobarao definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.""

Realizada a notificación aos titulares catastrais dos terreos afectados que consta no expediente e a publicación dos edictos de exposición pública no xornal El Correo Gallego do 03.11.2017, no Diario Oficial de Galicia do 22.11.2017, e no taboleiro de edictos do concello, con data

22.11.2017, rematou o prazo de exposición pública, non téndose presentado ningún escrito de alegacións.

Unha vez cumpridos os trámites legalmente establecidos, e transcorrido o período de exposición pública, procede levar a cabo a aprobación definitiva do estudo de detalle.

A competencia para a aprobación definitiva correspóndelle ao Pleno segundo o art. 22.2.c da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local (en adiante LRBRL), debendo ser adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación segundo o disposto no art. 47.2.II da LRBRL.

Por todo o anteriormente exposto, propoño ao Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar definitivamente o estudo de detalle para reaxuste de aliñacións, presentado por Ramón Iglesias Leboráns e redactado polo arquitecto Luis Antonio Garea Rodríguez, de data 03.07.2017, presentado no concello o 17.07.2017 (r.e. 3148), para o reaxuste de aliñacións das parcelas con referencias catastrais 15013B50300287, 15013B50300286 e 7920405NH2472S, que dan fronte á estrada AC-300, no lugar de Sabaxáns, Bastavales.

O presente acordo notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo no Diario Oficial de Galicia, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da Lei do solo de Galicia, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da provincia.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO.

Dada conta da proposta da alcaldía do 16.01.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do Concello), en sesión do 20.02.2018, que transcrita di:

Visto o informe do Departamento de Servizos Sociais do concello de data 12.01.2018, no que se propón a actualización dos prezos recollidos no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal do concello, publicada no BOP 72, do 18.04.2016, que se resume do seguinte xeito:

1. A actualización das tarifas para o curso 2018-2019 na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo IPC do mes de xuño (1'5%). As prazas para o curso adxudícanse en maio - xuño de 2018.

2. O axuste da taxa polo servizo de comedor (xantar), para que acade como mínimo o réxime de copagamento equivalente ao establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica (Resolución de 10 de maio de 2017: 74'05 €). Non se somete a esta actualización o prezo do horario ampliado por utilizarse un xeito de cómputo diferente ao da consellería, que o fai por horas, mentres que o Concello de Brión, por unha cuestión organizativa, o fai polo conxunto de 3 horas/día de forma lineal.

3. O axuste das reducións establecidas á variación sufrida polo IPREM durante 2017 (137'84 €).

Resultando necesario modificar a ordenanza coa actualización dos prezos, de tal xeito que sexan públicos e de coñecemento xeral, en virtude dos principios de seguridade xurídica e transparencia, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal do Concello, publicada no BOP da Coruña núm. 72, do 18.04.2016, nos seguintes termos:

1.1 -. Modifícanse as tarifas do art. 7: Tarifas, que pasan a ter a seguinte redacción:

ESTABLECEMENTO DE PREZOS						TÁBOA DE
SERVIZO		XORNADA COMPLETA			MEDIA XORNADA	
		8 horas/día	6 horas/día			
Atención Educativa e Asistencial		213'15 €/mes	159'87 €/mes	106'56 €/mes		
Comedor	Almorzo (1-3 anos)	12'18 €/mes				
	Xantar e sesta (1- 3 anos)	74'05 €/mes	Non é aplicable			
	Xantar días soltos	5'07 €/día				
	Merenda (1-3 anos)	12'18 €/mes				
Xornada Ampla	3'5 h/día	30'45 €/mes	Non é aplicable			
Material Escolar	Anual (1- 3 anos)	10'15 €/ano			5'07 €/ano	
REDUCCIÓNS SOBRE PREZOS						
RENDAS		SERVIZO EDUCATIVO E ASISTENCIAL			SERVIZO DE COMEDOR	
% R.P.C. / IPREM 2017	RENDA P.C. 2016	% A ABOAR SOBRE A RENDA/ mes	Xornada completa		Media xornada	% A ABOAR SOBRE O CUSTE DOS SERVIZOS/mes
			8 horas	6 horas	4 horas	
=0% >30%	=0'00 >268'92	5%	100% do resultado	75% do resultado	50% do resultado	PREZO MÍNIMO
=30% >50%						15%
=50% >75%						20%
=75% >100%						40%
=100% >125%	=537'84 >672'30	20%	100% do resultado	75% do resultado	50% do resultado	60%
=125% >150%	=672'30 >806'76	20%				75%
=150% >175%	=806'76 >941'22	20%				85%
=175% >200%	=941'22 >1.075'68	20%				100%
=/< 200%	= /<1.075'68	20%				

TÁBOA DE PREZOS RESULTANTES						
% R.P.C. / IPREM 2017	RENDA P.C. 2016	SIN COMEDOR			CON COMEDOR	
		XORNADA COMPLETA		MEDIA XORNADA	XORNADA COMPLETA	
		8 HORAS (De--- a ---)	6 HORAS (De--- a ---)	4 HORAS (De--- a ---)	SÓ XANTAR (De --- a ---)	CON XANTAR OU ALMORZO (De --- a ---)
>30% IPREM	> 161'35				10'14	12'17
=30% >50%	=161'35 >268'92	5'07 - 13'45	5'07 - 10'09	5'07 - 6'72	16'18 - 24'56	18'21 - 26'59
=50% >75%	=268'92>403'3 8	32'27 - 48'41	24'20 - 36'30	16'13 - 24'20	47'08 - 63'22	49'52 - 65'66
=75% >100%	=403'38 >537'84	64'54 - 86'05	48'40 - 64'53	32'27 - 43'02	94'16 - 115'67	99'03 - 120'54
=100% >125%	=537'84 >672'30	107'56 - 134'46	80'67 - 100'84	53'78 - 67'23	151'99 - 178'89	159'30 - 186'20
=125% >150%	=672'30 >806'76	134'46 - 161'35	100'84 - 121'01	67'23 - 80'67	190'00 - 216'89	199'13 - 226'02
=150% >175%	=806'76 >941'22	161'35 - 188'24	121'01 - 141'18	80'67 - 94'12	224'29 - 251'18	234'64 - 261'53
=175% >200%	=941'22 >1.075'68	188'24 - 213'15	141'18 - 160'33	94'12 - 106'89	262'29 - 287'	274'47 - 299'38
=/< 200%	= /<1.075'68	213'15	159'86	106'57	287'20	299'38

Independentemente do resultado obtido coa aplicación das tarifas anteriores teranse en conta as seguintes normas: Se modifica o segundo parágrafo que pasa a ter a seguinte redacción:

- Establécense en calquera caso os seguintes prezos mínimos a aboar:
 - . Servizo educativo e asistencial: 5'07 €/mes.
 - . Servizo de xantar: 5'07 €/mes.
 - . Servizo de almorzo: 2'03 €/mes.
 - . Servizo de merenda: 2'03 €/mes.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.
Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2018 E CADRO DE PERSOAL.

Dada conta da proposta da alcaldía do 15.02.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do Concello), en sesión do 20.02.2018, que transcrita di:

Confeccionado o orzamento xeral do concello correspondente ao exercicio económico 2018 así como as súas bases de execución e cadro persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e visto o informe de intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercicio económico 2018, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

Capítulo	Denominación	Orzamento inicial gastos 2018
		EUROS
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A.1	OPERACIÓNS CORRIENTES	
1	Gastos de persoal	2.157.481,07
2	Gastos correntes en bens e serv.	2.483.121,86
3	Gastos financeiros	13.000,00
4	Transferencias correntes	615.335,38
A.2	OPERACIONS DE CAPITAL	
6	Inversións reais	850.534,63
7	Transferencias de capital	0,00
B)	OPERACIONES FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	24.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL GASTOS	6.143.472,94
Capítulo	Denominación	Orzamento inicial ingresos 2018
		EUROS
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A.1	OPERACIÓNS CORRIENTES	
1	Impostos directos	1.811.683,49
2	Impostos indirectos.	35.063,54
3	Taxas, prezos públicos, e outros ing.	1.148.527,93
4	Transferencias correntes	2.441.683,44
5	Ingresos patrimoniais	3.531,33
A.2	OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Alleamento de Inversións reais	180.012,30
7	Transferencias de capital	498.970,91
B)	OPERACIONES FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	24.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL INGRESOS	6.143.472,94

2º) Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, reservados o persoal funcionario, persoal laboral e eventual.

3º) Aprobar en cumprimento do disposto no artigo 103 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, introducido por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, a masa salarial do persoal laboral do

Concello de Brión, que para o ano 2018 ascende a un total de 1.150.073,04 euros, ordenando a súa publicación no BOP.

4º) Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2018, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

5º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

6º) Tomar coñecemento do informe de intervención de avaliación da estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do nivel de débeda.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que creo que son os mellores orzamentos que se poden presentar e que destacan polo gasto social e pola igualdade; recibiron vostedes o orzamento con bastante tempo e aí consta a memoria política que xa está perfectamente explicada; non obstante dicir algo sobre os aspectos máis importantes, así en materia de persoal se incrementa nun 2% aínda que non sabemos cal vai ser porque non están os orzamentos do Estado aprobados e vai a relación de postos de traballo do persoal que cremos que poida entrar en funcionamento no segundo semestre do ano; que en materia de servizos sociais se incrementa nun 16% a previsión de gastos, e que o problema do paro é o máis importante na miña opinión e sen contar coas achegas da Deputación a través do Plan de integración laboral, está prevista a creación dun espazo colaborativo en Monte Balado que terá unha importante achega da Deputación que suporá un incremento do 400%; outro con importante incremento é o capítulo VI de gastos de investimentos cunha suba do 22%.

Engade que é un orzamento social e esperanzador, podémonos sentir orgullosos do orzamento, e temos un importante remanente de tesourería desde hai tempo.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que mellorouse na remisión da documentación aos concelleiros pero necesítase máis tempo; alegrámonos no tema de asuntos sociais e do auditorio, e a dúbida que teño eu é si se sabe o que se vai facer con ese remanente de tesourería.

O Sr. Alcalde sinala que de momento non.

O Sr. Concelleiro Penas Corral remata sinalando que pensamos que pode ser un orzamento positivo e por iso votaremos a favor.

O Sr. Concelleiro García Arcos sinala que votaremos a favor porque se aumenta en gasto social e en materia de emprego, aínda que logo haberá que falar do que se faga co remanente de tesourería.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2017.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Función Pública referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 4º trimestre de 2017, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

8º) MOCIÓNS.

Pola alcaldía exponse que hai un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos que xa se atopa completo, que responde a facturas que chegaron ao concello os últimos días do ano 2017 ou os primeiros días do ano 2018 e que corresponden ao ano 2017, para que os provedores poidan cobrar canto antes, e igualmente que existe unha moción sobre Rosalía de Castro que podería presentarse conxuntamente, ao que acceden todos os grupos.

Aprobouse por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

8.1. EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 01/2018.

Dada conta da proposta da alcaldía do 19.02.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do Concello), en sesión do 20.02.2018, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos subministrados e servizos prestados no ano 2017, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no rexistro municipal de entrada os últimos días do ano 2017 ou primeiros de 2018.

Considerando a efectiva prestación dos servizos por parte do terceiro acreedor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

E considerando, igualmente, que a imputación dos gastos ao exercicio corrente, visto o estado actual de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención das necesidades do exercicio corrente.

Esta alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no anexo xunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 19 de febreiro de 2018, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, propoño ao Pleno:

1º) Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de VINTE MIL NOVECENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (20.992,48 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

Nº de Entrada	Fecha	Fecha Dto.	Importe Total	Descuento	Importe líquido	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.
F/2017/3803	28/12/2017	27/12/2017	628,60	0,00	628,60	B15069958	HERMANOS FERRIN, S.L.	FRA Nº A/92; SERVICIO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO – XANEIRO 2017	2018 312 22300
F/2017/3804	28/12/2017	27/12/2017	509,48	0,00	509,48	B15069958	HERMANOS FERRIN, S.L.	FRA Nº A/93; SERVICIO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO – FEBREIRO 2017	2018 312 22300
F/2017/3805	28/12/2017	27/12/2017	500,68	0,00	500,68	B15069958	HERMANOS FERRIN, S.L.	FRA Nº A/94; SERVICIO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO – MARZO 2017	2018 312 22300
F/2017/3806	28/12/2017	27/12/2017	494,08	0,00	494,08	B15069958	HERMANOS FERRIN, S.L.	FRA Nº A/95; SERVICIO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO – ABRIL 2017	2018 312 22300
F/2017/3807	28/12/2017	27/12/2017	631,90	0,00	631,90	B15069958	HERMANOS FERRIN, S.L.	FRA Nº A/96; SERVICIO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO – MAIO 2017	2018 312 22300
F/2017/3808	28/12/2017	27/12/2017	490,78	0,00	490,78	B15069958	HERMANOS FERRIN, S.L.	FRA Nº A/97; SERVICIO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO – XUÑO 2017	2018 312 22300
F/2017/3809	28/12/2017	27/12/2017	488,58	0,00	488,58	B15069958	HERMANOS FERRIN, S.L.	FRA Nº A/98; SERVICIO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO – XULLO 2017	2018 312 22300

F/2017/3810	28/12/2017	27/12/2017	496,28	0,00	496,28	B15069958	HERMANOS FERRIN, S.L.	FRA Nº A/99; SERVICIO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO – AGOSTO 2017	2018 312 22300
F/2017/3811	28/12/2017	27/12/2017	484,18	0,00	484,18	B15069958	HERMANOS FERRIN, S.L.	FRA Nº A/100; SERVICIO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO – SETEMBRO 2017	2018 312 22300
F/2017/3812	28/12/2017	27/12/2017	625,30	0,00	625,30	B15069958	HERMANOS FERRIN, S.L.	FRA Nº A/101; SERVICIO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO – OUTUBRO 2017	2018 312 22300
F/2017/3813	28/12/2017	27/12/2017	522,68	0,00	522,68	B15069958	HERMANOS FERRIN, S.L.	FRA Nº A/102; SERVICIO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO – NOVIEMBRE 2017	2018 312 22300
F/2017/3814	28/12/2017	27/12/2017	486,38	0,00	486,38	B15069958	HERMANOS FERRIN, S.L.	FRA Nº A/103; SERVICIO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO – DICIEMBRE 2017	2018 312 22300
2017/3802	31/12/2017	31/12/2017	106,57	0,00	106,57	A36036739	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.U	FRA Nº 168-1-12/47; BEBIDAS E BOCADILLOS PARTICIPANTES TORNEO BENÉFICO DE NADAL DE FÚTBOL	2018 341 22699
2017/3815	26/12/2017	17/12/2017	139,04	0,00	139,04	44845301Q	BECERRA SUÁREZ, PABLO	FRA Nº 0070; ARTIGOS CELEBRACIÓN FESTA FIN DE CURSO NOS ENCONTROS COA TERCEIRA IDADE NO CENTRO SOCIAL	2018 231 22699
F/2018/3	03/01/2018	28/12/2017	47,71	0,00	47,71	B15981186	OFIAGUS S.L.	FRA Nº 211700949; MATERIAL FUNXIBLE ESCOLA INFANTIL	2018 323 22199
F/2018/4	03/01/2018	31/12/2017	1.241,96	0,00	1.241,96	B12019659	BAYGAR, S.L.	FRA Nº 17009958; REPARACIÓN MAQUINARIA OBRAS	2018 1532 21300
F/2018/6	03/01/2018	31/12/2017	93,95	0,00	93,95	A15117609	SUPERVISION Y CONTROL,S.A.	FRA Nº 159917000003695; ITV CAMION URO 8285HTZ (GES) E CAMION BARREIROS LU2349D (OBRAS)	Multiaplicación
F/2018/8	03/01/2018	28/12/2017	111,40	0,00	111,40	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1170012576; SGAE REPRESENTACIÓN OVIRAVAI NO CENTRO SOCIAL O 15.12.17	2018 338 22699
F/2018/158	12/01/2018	08/03/2017	126,82	0,00	126,82	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	FRA Nº FE17137004834103; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/CIRRO 9700, ALPUBL - PERIODO 01.02.2017 A 28.02.2017	2018 165 22100
F/2018/162	02/01/2018	14/12/2017	187,01	0,00	187,01	J70368097	MASQUEPAPEL, S.C.	FRA Nº 002727; MATERIAL OFICINA CURSOS FORMACIÓN	2018 241 22000
F/2018/163	02/01/2018	31/12/2017	487,51	0,00	487,51	33251255V	MARTINEZ PORTOS, SANTIAGO	FRA Nº 17/00397; REPARACION JOHN DEERE E1427BFV - PARQUES E XARDÍNS	2018 171 21300
F/2018/167	02/01/2018	31/12/2017	23,43	0,00	23,43	33251255V	MARTINEZ PORTOS, SANTIAGO	FRA Nº 17/00406; REPARACION CITROEN C4 3108GGK (POLICIA LOCAL)	2018 132 21400
F/2018/168	02/01/2018	31/12/2017	96,80	0,00	96,80	76504507K	TAPICERIA JOSE SANCHEZ V.	FRA Nº 2302; TAPIZADO ASIENTO TRACTOR	2018 1532 21300
F/2018/171	03/01/2018	14/12/2017	50,00	0,00	50,00	33256123D	MARTINEZ OTERO, CARMEN	FRA Nº 2017000151; MATERIAIS OBRADOIRO MANUALIDADES ADULTOS	2018 231 22199
F/2018/193	03/01/2018	15/11/2017	50,00	0,00	50,00	33256123D	MARTINEZ OTERO, CARMEN	FRA Nº 2017000131; FOTOCOPIAS E MATERIAL PAPELERIA OBRADOIRO PINTURA	2018 326 22699

								NENOS	
F/2018/194	03/01/2018	29/12/2017	106,48	0,00	106,48	B70143540	MADERAS PICON GARCIA, S.L.	FRA Nº 2017/697; SERRIN - CABALGATA REIS	2018 338 22699
F/2018/200	04/01/2018	31/12/2017	69,12	0,00	69,12	B15593171	COMERCIAL RIVAS. S.L.	FRA Nº 002493; MATERIAL FERRETERIA - ALMACEN ACOPIO	2018 1532 21000
F/2018/205	08/01/2018	31/12/2017	163,64	0,00	163,64	B15064678	COMERCIAL MANUEL LATA,S.L.	FRA Nº 3704446/01; REPARACION MAQUINARIA OBRAS	2018 1532 21300
F/2018/206	08/01/2018	28/12/2017	1.372,65	0,00	1.372,65	33273017K	FERNANDEZ PINTOS, CELESTINO	FRA Nº 000877; REPARACIÓN MAQUINARIA OBRAS	2018 1532 21300
F/2018/207	09/01/2018	31/12/2017	121,21	0,00	121,21	B15214349	RECAMBIOS SANTIAGUES ES,S.L.	FRA Nº 130.768; REPUESTOS MAQUINARIA OBRAS	2018 1532 22111
F/2018/210	09/01/2018	30/12/2017	84,70	0,00	84,70	76501022D	QUINTANA RIAL, JOSE MARIA	FRA Nº 001518; REPARACION MAQUINARIA OBRAS	2018 1532 21300
F/2018/211	09/01/2018	01/02/2017	93,17	0,00	93,17	45845377Y	GOMEZ PARENTE GONZALO	FRA Nº 628; REPARACION AVERIA PORTAL NAVE GES	2018 135 21200
F/2018/213	09/01/2018	31/12/2017	865,15	0,00	865,15	B15040488	TALLERES FERSU, S.L.	FRA Nº A1702142; RADIADOR PALA JCB	2018 1532 21300
F/2018/214	09/01/2018	22/12/2017	448,91	0,00	448,91	B15673270	INDUSTRIA DE LA SALUD FERROL S.L.	FRA Nº 3117/17; SERVICIO DESRATIZACION E DESINSECTACION	2018 920 21200
F/2018/217	10/01/2018	04/10/2017	58,08	0,00	58,08	B15489289	ARTEAL CARPINTERIA DE ALUMINIO	FRA Nº 170430; SUBSTITUCIÓN VENTANA ROTA EN ESCOLA INFANTIL OS ANXELES	2018 323 21200
F/2018/218	11/01/2018	31/12/2017	455,11	0,00	455,11	B15582976	BOTICA DO CAMPO	FRA Nº 17FT 936; INSECTIBYS AVISPAS - GES	2018 135 22199
F/2018/219	11/01/2018	30/11/2017	76,50	0,00	76,50	B70274253	HERMANOS FORJAN LUEIRO, S.L.	FRA Nº 001569; SERVICIO LAVANDERIA DEPORTES E ESCOLA INFANTIL - NOVEMBRO 2017	Multiplificación
F/2018/223	12/01/2018	31/12/2017	410,02	0,00	410,02	A28945608	IBERGRUAS, S.A.	FRA Nº 114222; REPARACION MAQUINARIA	2018 1532 21300
F/2018/224	15/01/2018	29/12/2017	294,01	0,00	294,01	B70064027	ECOWARM DE GALICIA, S.L.	FRA Nº P1146; SUBMINISTRO PELLETS ESCOLA INFANTIL	2018 334 22103
F/2018/228	15/01/2018	26/12/2017	151,25	0,00	151,25	33260337Z	MOURIÑO BOTANA, HIPOLITO	FRA Nº T-2017/58; REPARACION DESBROZADORA	2018 1532 21300
F/2018/229	15/01/2018	20/11/2017	235,95	0,00	235,95	33260337Z	MOURIÑO BOTANA, HIPOLITO	FRA Nº T-2017/55; PARRILLA SAIME E OUTEIRO DO RIAL	2018 1532 21000
F/2018/230	15/01/2018	30/11/2017	193,60	0,00	193,60	33260337Z	MOURIÑO BOTANA, HIPOLITO	FRA Nº T-2017/56; REPARACION DESBROZADORA E PARRILLA ALFONSIN	Multiplificación
F/2018/231	15/01/2018	09/11/2017	145,20	0,00	145,20	33260337Z	MOURIÑO BOTANA, HIPOLITO	FRA Nº T-2017/53; REPARACION ESTANTERIAS ESCOLA INFANTIL	2018 323 21200
F/2018/235	16/01/2018	31/12/2017	41,55	0,00	41,55	F70509096	COOPERATIVA S LACTEAS UNIDAS, SCG (CLUN)	FRA Nº FVCR019995; SUBMINISTRO GASOLINA SEAT PANDA	2018 920 22103
F/2018/246	18/01/2018	30/12/2017	373,55	0,00	373,55	B15510241	SUMINISTROS DE HOSTELERIA EQUIP HOTEL S.L.	FRA Nº F17/5285; BOLSAS BRIGADA PARQUES E XARDINES E PRODUTOS HIXIENE E LIMPEZA PAVILLON E CAMPO DE FÚTBOL	Multiplificación

F/2018/258	04/01/2018	30/12/2017	47,63	0,00	47,63	32674951R	TROITIÑO GUERRERO, JAVIER	FRA Nº 17010; FOTOGRAFÍAS E COPIAS ACTIVIDADES ESCOLA INFANTIL	2018 323 22699
F/2018/260	24/01/2018	31/12/2017	20,00	0,00	20,00	79336681K	REY FAJIN, DAVID	FRA Nº A-593; BATERIA PLOMO - ESCOLA INFANTIL	2018 323 22199
F/2018/266	27/01/2018	06/06/2017	563,86	0,00	563,86	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA Nº FE17321234954793; SUBMINISTRO ELECTRICO PS MONTE DEVESA 9020, ALPUBL - PERIODO 25.04.2017 A 19.05.2017	2018 165 22100
F/2018/267	27/01/2018	06/06/2017	915,40	0,00	915,40	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA Nº FE17321234954796; SUBMINISTRO ELECTRICO PS PEDROUZOS 9700 (CEIP) - PERIODO 25.04.2017 A 19.05.2017	2018 323 22100
F/2018/268	27/01/2018	06/06/2017	875,18	0,00	875,18	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA Nº FE17321234954794; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SANTA MINIA 70, ALPUBL - PERIODO 25.04.2017 A 19.05.2017	2018 165 22100
F/2018/269	27/01/2018	06/06/2017	415,21	0,00	415,21	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA Nº FE17321234954792; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SOUTULLOS 7, ALPUBL - PERIODO 25.04.2017 A 19.05.2017	2018 165 22100
F/2018/270	27/01/2018	06/06/2017	246,74	0,00	246,74	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA Nº FE17321234954797; SUBMINISTRO ELECTRICO PS PEDROUZOS 9877, ALPUBL - PERIODO 25.04.2017 A 19.05.2017	2018 165 22100
F/2018/271	27/01/2018	06/06/2017	586,27	0,00	586,27	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA Nº FE17321234954795; SUBMINISTRO ELECTRICO PS SANTA MINIA 79 (CONCELLO) - PERIODO 25.04.2017 A 19.05.2017	2018 920 22100
F/2018/272	27/01/2018	06/06/2017	307,59	0,00	307,59	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	FRA Nº FE17321234954798; SUBMINISTRO ELECTRICO PS INXERIDO 48, ALPUBL - PERIODO 25.04.2017 A 19.05.2017	2018 165 22100
F/2018/284	26/01/2018	31/12/2017	1.754,01	154,00	1.600,01	B70102181	AUTOCARES MODESTO RIVEIRO S.L.	FRA Nº 1735; SERVICIO TRANSPORTE DESDE A GRAÑA AO CENTRO MEDICO OS MARTES LECTIVOS - 4º TRIMESTRE 2017	2018 312 22300
F/2018/285	26/01/2018	31/12/2017	200,00	0,00	200,00	B70102181	AUTOCARES MODESTO RIVEIRO S.L.	FRA Nº 1729; SERVICIO TRANSPORTE POLAS PAXES REAIS POLAS ESCOLAS UNITARIAS	2018 323 22300
F/2018/287	26/01/2018	27/12/2017	179,62	0,00	179,62	J15114002	VIGO BARREIRO FC. JAVIER Y MANUEL, S.C.	FRA Nº 6775A; REPARACION DESBROZADORAS PARQUES E XARDINS	2018 171 21300
TOTAL			20.992,48	154,00	20.838,48				

2º) Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

8.2. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSG-PSOE, PP, E BNG SOBRE O DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.

Dada conta da moción, que transcrita di:

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galeguidade intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo iso propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.

2º) Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da Lectura.

3º) Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Sr. Alcalde se sinala que existe unha pregunta presentada con anterioridade polo concelleiro Penas Corral no mes de decembro sobre o problema existente coa auga, sinalando o Sr. Alcalde que os días 19, 20 e 21 de decembro as abundantes choivas foron a causa dun brusco empeoramento na calidade da auga bruta (río Tambre) motivado polos aportes e a forte escorrentía que chegaron ata o cauce do río, cunha importante carga de terra, barro e substancias similares, e este aumento da turbidez da auga na captación obriga ao explotador da planta potabilizadora sita en Pontemaceira a engadir unha serie de produtos químicos, autorizados pola normativa sanitaria, que melloran a calidade da auga potable e eliminan a turbidez e o color na auga de consumo; entre esas sustancias químicas a ETAP está deseñada para o uso de sales de aluminio, que reacciona coa materia presente na auga para formar un agregado máis pesado e que é retirado nos decantadores e filtros, elementos cos que está equipada a planta potabilizadora, producíndose unha auga que logo da desinfección con cloro, a converte en apta para o consumo. A presenza de aluminio na auga do río cuxo orixe está na natureza dos materiais do terreo circundante ao cauce do río e que chegan a este polas choivas abundantes, xunto co engadido na planta de tratamento, confiren a auga depurada unha certa viscosidade e cuxos efectos máis apreciábeis é unha diminución na formación de espumas nos xabóns e deterxentes.

Ao producirse a incidencia o xestor procedeu ao cambio no subministro do abastecemento utilizando como fonte alternativa a auga cuxo orixe está en Ames, a través da rede do Milladoiro, ao vaciado dos depósitos de almacenamento de auga, e ao purgado da rede

municipal, sendo comunicada a incidencia a autoridade sanitaria a través do Sistema de Información Nacional de Auga de Consumo.

As análises realizadas pola xestora do abastecemento confirman a correcta desinfección da auga con ausencia de contaminación bacteriolóxica, baixos niveis de color e turbidez da auga subministrada e superación do valor paramétrico en aluminio, dentro dos valores de aptitude.

A Consellería de Sanidade comunicou que era apta e se lle dixo que poña o parámetro do aluminio máis alto en Brión pola natureza dos terreos para non estar sempre con este tema.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o que me preocupa é a tardanza do concesionario, que a xente tiña a sensación de que pasaba algo ao ver aos obreiros dun lado para outro.

O Sr. Alcalde sinala que o problema existía, pero se fixeron analíticas cunha empresa externa Labaqua SA que confirmaron a potabilidade da auga subministrada e dixo que estaba dentro do permitido, e remata sinalando que o aspecto non era agradable.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta e tres minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González